

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE LUGO

<b>PRECIOS DE SUSCRIPCION</b>	<b>ANUNCIOS Y OTRAS INSERCIONES</b>
Al año.....36,06 €	Por cada palabra o números.....0,15 €
Al semestre.....24,04 €	- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
Más gastos de envío	- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	- Importe mínimo de publicación.....6 €
<b>VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS</b>	<b>SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS</b>
Por ejemplar de hasta 8 páginas.....0,60 €	Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas .....0,90 €	Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."
Por ejemplar de más de 12 páginas ..... 1,35 €	
<b>LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE</b>	

### SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN LUGO

De conformidad con lo dispuesto en el art. 59.4 y 61 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4/1999, se hacen públicas las propuestas de resolución recaídas en los expedientes sancionadores que se indican, que se siguen en esta Subdelegación del Gobierno, a los presuntos infractores que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de los mismos en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes figuran a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en el Negociado de Infracciones Administrativas, de la Subdelegación del Gobierno de Lugo.

Contra dichas propuestas de resolución podrán formular alegaciones y aportar las pruebas que estimen pertinentes en defensa de sus derechos, dentro del plazo de quince días, contados desde el día siguiente a la publicación del presente edicto en el B.O.P. de residencia de los encartados.

EXPTE.	INTERESADO Y DOMICILIO	LEGISLACION INFRINGIDA	SANCION
323/03	Javier Canteiro Linares S. Cristóbal-Souto s/n, O Corgo	art. 26-l) L.O. 1/92	120 euros
206/03	José A. Rguez. Rigueira Avda. Madrid, 19-21, 8.ºD, Lugo	art. 26-h)-i) L.O. 1/92	90 euros
616/03	Jesús Celada Prado C/ Montero Ríos, 11-1º, Lugo	art. 26-i) L.O. 1/92	30 euros

Lugo, 17 de septiembre de 2003.- EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Antonio Labrada Losada.

R. 04741

De conformidad con el art. 59.4 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4/1999, se hace público el acuerdo de iniciación del expediente sancionador que se indica, y acordada por esta Subdelegación del Gobierno a los sancionados que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de las mismas en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes figuran a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en el Negociado de Infracciones Administrativas, de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, al considerarse de aplicación al art. 61 de la citada Ley.

Contra dichos acuerdos de iniciación podrán formular alegaciones y aportar las pruebas que estimen pertinentes en defensa de sus derechos, dentro del plazo de quince días, contados desde el día siguiente a la publicación del presente edicto en el B.O.P. de residencia de los encartados. Al propio tiempo se advierte que transcurrido dicho plazo, seguirán los expedientes su trámite ordinario pudiendo ser considerados los acuerdos de iniciación como propuestas de resolución, en el caso de que no se hayan efectuado alegaciones.

EXPT.	INTERESADO Y DOMICILIO	LEGISLACION INFRINGIDA
704/03	Carlos Paez Robledo C/ Navarra, 6-2.ºD-Avilés (Asturias)	R.D. 1211/90
Lugo, 17 de septiembre de 2003.- EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Antonio Labrada Losada.		
R. 04742		

De conformidad con lo dispuesto en el art. 59.4. y 61 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4/1999, se hace público el acuerdo de iniciación recaído en el expediente sancionador que se indica, que se sigue en la Delegación del Gobierno en Madrid, al presunto infractor que a continuación se relaciona, ya que, habiéndose intentado la notificación del mismo en el último domicilio conocido, esta no ha podido ser practicada.

El correspondiente expediente figura a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en el Negociado de Infracciones Administrativas, de la Delegación del Gobierno en Madrid.

Contra dicho acuerdo de iniciación podrán formular alegaciones y aportar las pruebas que estimen pertinentes en defensa de sus derechos, dentro del plazo de quince días, contados desde el día siguiente a la publicación del presente edicto en el B.O.P. de residencia del encartado. Al propio tiempo se advierte que transcurrido dicho plazo, seguirá el expediente su trámite ordinario pudiendo ser considerado el acuerdo de iniciación como propuestas de resolución, en el caso de que no se hayan efectuado alegaciones.

EXPT.	INTERESADO Y DOMICILIO	LEGISLACION INFRINGIDA
5128/03	Adolfo Montoya Romero C/ Calvo Sotelo, 13-2.º- Monforte de Lemos	Art. 23-a) L.O. 1/92
Lugo, 17 de septiembre de 2003.- EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Antonio Labrada Losada.		
R. 04743		

De conformidad con el art. 59.4 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4/1999, se hacen públicas las resoluciones recaídas en los expedientes sancionadores que se indican, y acordadas por esta Subdelegación del Gobierno a los sancionados que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de las mismas en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes figuran a disposición de los interesados para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en el Negociado de Infracciones Administrativas, de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, al considerarse de aplicación al art. 61 de la citada Ley.

Contra dichas resoluciones podrán interponer recurso ordinario ante el Excmo. Sr. Ministro del Interior, dentro del plazo de un mes, contado desde el día siguiente de la publicación de los presentes actos en el B.O.P. del último domicilio conocido de los encartados. Al propio tiempo se significa que transcurrido dicho término sin que la sanción haya sido recurrida o abonada y siendo firme en vía administrativa, se ejercerán las facultades subsidiarias reservadas a la Autoridad para mantener la efectividad de la sanción procediendo a su exacción por la vía ejecutiva.

EXPT	INTERESADO Y DOMICILIO	LEGISLACION INFRINGIDA	SANCION
1097/02	Jesus José MOSQUERA DA COSTA- Avda. da Mariña, 3-1º-BURELA	Art.26-i) L.O. 1/92	150 Euros
106/03	Senán Antonio RODRIGUEZ ALVAREZ-C/ Marina Española, 27-LUGO	Art.26-h)-i) L.O. 1/92	90 Euros
519/03	Antonio PINEIRO LOPEZ- Yáñez Reboio, 59-1-LUGO	R.D. 137/1995	30 Euros
1102/02	Edison HURTADO DACOSTA- Perpetuo Socorro, 38-40-2ºD-LUGO	Art. 23-a) L.O. 1/92	301 Euros e Incautación arma intervenida
111/03	Raúl RODRIGUEZ BASANTA- C/ Montirón, 3-5ºA-LUGO	Art.26-h)-i) L.O. 1/92	120 Euros
773/03	José Manuel LEIRO FERNANDEZ- C/ Teniente C. Teijeiro, 3-4º-LUGO	R.D 137/1995	30 Euros
986/02	MICHAEL WERNER ROHD-Herumannstr.15-HAMBURGO-ALEMANIA	Art.26-i) L.O. 1/92	60 Euros

Lugo, 17 de septiembre de 2003.- EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Antonio Labrada Losada.

R. 04744

De conformidad con lo dispuesto en el art. 59.4 y 61 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4/1999, se hacen públicos los acuerdos de iniciación recaídos en los expedientes sancionadores que se indican, que se siguen en esta Subdelegación del Gobierno, a los presuntos infractores que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de los mismos en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes figuran a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en el Negociado de Infracciones Administrativas, de la Subdelegación del Gobierno en Lugo.

Contra dichos acuerdos de iniciación podrán formular alegaciones y aportar las pruebas que estimen pertinentes en defensa de sus derechos, dentro del plazo de quince días, contados desde el día siguiente a la publicación del presente edicto en el B.O.P. de residencia de los encartados. Al propio tiempo se advierte que transcurrido dicho plazo, seguirán los expedientes su trámite ordinario pudiendo ser considerados los acuerdos de iniciación como propuestas de resolución, en el caso de que no se hayan efectuado alegaciones.

Expt.	INTERESADO	Y	DOMICILIO	LEGISLACION INFRINGIDA
707/03	José SARRIEGO MARTINEZ	C/	Manuel Antonio, 1-2º D-S. Ciprián-CERVO	Art.26-i) L.O. 1/92
712/03	Dolores REAL FERNANDEZ	C/	Lamas de Prado, 2-3º A-LUGO	Art. 26-h)-i) L.O. 1/92
757/03	Fco. Javier VARELA RODRIGUEZ	Rúa Fco. Moure,	3-1º-I LUGO	Art.23-a) L.O. 1/92
759/03	Fco. Javier VARELA RODRIGUEZ	Rúa Fco. Moure,	13-1º-LUGO	Art.23-a) L.O. 1/92
770/03	Fernando SALGADO RODRIGUEZ	C/	Río Sil, 50-2ºB-LUGO	Art. 96 R.D. 13/93
791/03	Miguel OTERO CRUZ		Avda. De las Américas, 104-5ºA-LUGO	Art.23-a) L.O. 1/92
815/03	Ramón PEREZ RICO	C/	Frías, 7-LUGO	Art.26-i) L.O. 1/92
820/03	David CABARCOS GOMEZ	C/	Dinan, 2-LUGO	Art 26-i) L.O. 1/92
828/03	Juan José MILLARES ALVAREZ	Camión Real,	44-bajo-LUGO	Art 23-a) L.O. 1/92
829/03	Alberto OTERO CRUZ	C/	Santiago, 70-2ºD-LUGO	Art.23-a) L.O. 1/92
830/03	Alberto OTERO CRUZ	C/	Santiago, 70-2ºD-LUGO	Art.23-a) L.O. 1/92
854/03	Damián LUGILDE CASTRO	C/	Illas Cies, 11 3º-LUGO	Art.26-i) L.O. 1/92
721/03	Hector Manuel LOPEZ SANTAMARIA	C/	Aaiún, 5-7ºD-A CORUÑA	Art 26-h) L.O. 1/92
747/03	Juan Manuel PEREZ LOPEZ		Tras Los Castros-MONTERROSO	Art.23-a) L.O. 1/92
790/03	Ramón ROMERO ROMERO		Avda. de Galicia, 27-VEGADEO(ASISTURIAS)	Art.23-a) L.O. 1/92
816/03	Emilio ALONSO LOPEZ	C/	Victor de la Serna, 34-6ºA-MADRID	Art 26-i) L.O. 1/92
825/03	Manuel BARROS CARBALLO	Rúa do Ril,	2-1ºD-BURELA	Art.26-i) L.O. 1/92
840/03	Carlos A. DE ENCARNACION RGUEZ.-C/		Provincia, 4-5º-BARCELONA	Art.26-i) L.O. 1/92
842/03	Hicham BADRANE	C/	Galileo, 224,1º-BARCELONA	Art.26-i) L.O. 1/92
845/03	Ramiro LOPEZ PALLARES		Sesmonde Lage, 4-PARADELA	Art.26-h)-i) L.O. 1/92

Lugo, 17 de septiembre de 2003.- EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Antonio Labrada Losada.

R. 04745

## AYUNTAMIENTOS

BARALLA

### Anuncio

Aprobados provisionalmente, en sesión plenaria celebrada el día 26 de setembro de 2003, os expedientes de modificacións das seguintes ordenanzas fiscais:

- 1.- Reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica.
- 2.- Reguladora do imposto sobre bens inmoables.
- 3.- Reguladora da taxa polo subministro de auga.

4.- Reguladora da taxa por recollida de lixo.

E en cumprimento do establecido no artigo 17 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, os expedientes tramitados, así como as correspondentes ordenanzas que recollen as modificacións, expóñense ó público polo prazo de 30 días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia. Dentro destes días, os interesados poderán examinalas e presentalas reclamacións que estimen oportunas.

Este acordo elevarase a definitivo se no prazo indicado non se presenta reclamación ningunha.

Baralla, 1 de outubro de 2003.

R. 04810

## CHANTADA

*Anuncio*

Quedou definitivamente aprobado polo pleno deste Concello de data 21 DE AGOSTO a modificación de plantilla para o exercicio 2003, quedando como sigue:

## MODIFICACIÓN PLANTILLA PERSONAL

## FUNCIONARIOS DE CARRERA

1.- Funcionarios habilitación nacional.

## DENOMINACIÓN

PLAZA	N.º	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	SITUACIÓN
Intervención	1	A	INTERVENCIÓN	INT-TESOR	PROVISIONAL

Chantada, 27 de agosto de 2003.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 04818

## LUGO

## DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 559/2003 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS DE POLICÍA (SANCIONIÓNS).

José Ángel González Corredoira, Tenente de Alcalde delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, 22 de setembro de 2003.

Con motivo da adscrición de dona Carmen Flores Pardo ó Servizo de Medio Ambiente o día 5 de agosto de 2003, funcionaria deste Concello que viña realizando ata a dita data funcións de instrucción para o inicio de procedementos sancionadores e o desenvolvemento dos expedientes ata a súa resolución na Sección de Policía Tráfico e Sancións, e por mor da adscrición a esta sección de dona M.<sup>ª</sup> Isabel Varela López.

## RESOLVO:

PRIMEIRO: Nomear a dona M.<sup>ª</sup> Isabel Varela López, funcionaria deste Concello, Técnica de Xestión (grupo B), instrutora dos procedementos administrativos sancionadores os que lle correspondan á Sección de Policía de Transportes, Tráfico e Sancións, en relación cos procedementos que a partir de dita data 5 de agosto se incoen, así como dos correspondentes ós expedientes non finalizados antes desta dita data.

SEGUNDO: Os interesados poderán recusar este nomeamento ó abeiro do disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico e do procedemento administrativo común.

TERCEIRO: Publíquese no BOP e no taboleiro de edictos do Concello para os efectos que proceden.

Lugo, 22 de setembro de 2003.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA AREA DE REXIME INTERIOR E PROTECCION DA COMUNIDADE, José Ángel González Corredoira.

R. 04771

*Anuncio*

O Excmo. Concello Pleno, con data do 3 de marzo de 2003, aprobou inicialmente a ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións.

Sometido ó trámite de información pública a través da publicación no Boletín Oficial da Provincia, número 68, do 24 de marzo do 2003, non se presentou ningunha reclamación nin suxestión á ordenanza referida, polo que de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, enténdese aprobado definitivamente o acordo de aprobación inicial e consecuentemente a referida ordenanza.

Podendo os interesados interpoñer, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo de que poidan exercitar, se é o caso, calquera outro recurso que estimen procedente.

Ós efectos do previstos no artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, faise público o texto íntegro da referida ordenanza, sendo o seu texto literal como segue:

"ORDENANZA SOBRE CONSERVACIÓN, REHABILITACIÓN E ESTADO RUINOSO DAS EDIFICACIÓNS.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Dada a situación que actualmente existe na cidade de Lugo de deterioración arquitectónica e urbana de numerosos inmobles, producida fundamentalmente por unha falta de mantemento e hábito da conservación por unha parte dos propietarios e usuarios dos edificios, e ante o perigo dunha perda ou menoscabo dos valores patrimoniais de numerosos edificios catalogados, é necesario e imprescindible que dende o Concello de Lugo se adopten as medidas necesarias para reconducir esta situación que orixina e que se agrava co paso de tempo.

O deber de conservación dos edificios por parte dos propietarios non é materia nova na lexislación vixente, xa que está contemplada polo Código civil, así como pola Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, coas modificacións introducidas pola Lei 8/1999, do 6 de abril (LPH), e pola Lei 29/1994, do 29 de novembro, de arrendamentos urbanos (LAU), sendo a Lei 6/1998, do 13 de abril, do réxime do solo e valoracións (Lei 6/98), a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), o Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, que contén o Regulamento de disciplina urbanística, e a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), entre outras, as que sinalan expresamente a obriga de mante-los edificios en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, e ademais nos edificios declarados como BIC, así como nos que estean catalogados, a Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español (LPHE), e a Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establecen unha condición de conservación, que se recolle no mesmo sentido no PEPRI, que é o Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia.

Así, na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), contéplase, dentro da regulación do deber de conservación e ruína, un artigo (Artigo 200.-Inspección periódica de edificios), no que se dispón que os concellos deberán regular mediante ordenanza municipal o deber de conservación periódica das edificacións para determina-lo seu estado de conservación, recollendo así esta obriga de inspección técnica de edificios dunha maneira directa e clara, e habilitando os concellos para a súa regulamentación.

A intervención administrativa na propiedade urbana non se proxecta só no momento de emprender unha obra, senón tamén cando está rematada. Este deber de policía administrativa imposto ós municipios pola lexislación de réxime local tradúcese nunha vixilancia do estado de conservación das edificacións, así como do mantemento das condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

Por outro lado, o patrimonio arquitectónico e urbano da cidade de Lugo, con numerosos edificios catalogados e declarados xunto coa especial protección que esixe a conservación do contorno da Muralla, declarada Patrimonio da Humanidade en decembro de 2000, fai que a preocupación dende o público pola conservación patrimonial e cultural e a preservación destes valores para as xeracións futuras se converta nunha cuestión de primeira orde.

Nembargantes, non se debe esquecer que a rehabilitación dos edificios non é soamente un proceso de mantemento dun contorno histórico, senón que implica un aspecto moi importante de seguridade, o destinatario último do cal, o habitante dos inmobles, non é capaz por si só de discernir, dado o seu lóxico descoñecemento en materia de construción. Así, é lóxico suscita-la necesidade de establecer unha serie de revisións periódicas dos edificios que, de xeito similar ás ITV

para os vehículos, nos permitan tomar medidas que, como calquera preventiva, sempre será máis económica cás medidas reactivas tomadas como consecuencia de problemas xa suscitados.

Así, esta ordenanza propónse involucrar inda máis ós cidadáns, a través do seu maior grao de sensibilización posible, para conseguir unhas maiores cotas de conservación das edificacións a través de dous instrumentos: a introducción de técnicas de fomento en apoio a un mellor cumprimento do deber urbanístico de conservación e a introducción da denominada rehabilitación preventiva.

Co primeiro dos instrumentos citados, preténdese introduci-la técnica do fomento no cumprimento dun deber ata agora visto soamente dende a perspectiva da situación de policía e, na medida do posible, facilitalo acceso ás axudas para a conservación e rehabilitación. Coa introducción da obriga formal de obte-lo INFORME de inspección técnica da edificación perséguese introducir, coa colaboración dos técnicos competentes, unha cultura nos cidadáns favorable a realizar controis técnicos periódicos na edificación co obxecto de coñecer-las patoloxías desta no convencemento de que disto se derivarán actuacións inmediatas para evitar que a súa demora incremente o custo de reparación, o que redunda nunha mellor conservación xeral da edificación e, asemade, supón, dende unha perspectiva global, un maior coñecemento e control do estado de conservación da edificación de toda a cidade.

Esta estratexia quere implicar de maneira activa os propietarios e usuarios dos edificios, técnicos, asociacións de veciños, promotores e constructores cos seguintes obxectivos, entre outros:

- I. Promover na cidade unha cultura da conservación e da rehabilitación dos edificios.
- II. Garanti-las condicións de seguridade das edificacións.
- III. Mellora-las condicións de habitabilidade das vivendas.
- IV. Crear unha base de datos onde se integre o Rexistro Informatizado de Inspección Técnica da Edificación, conectado ó Centro de Documentación da cidade.
- V. Favorece-las condicións de conservación das tipoloxías edificatorias históricas, os elementos constructivos tradicionais e os elementos singulares dos inmobles.
- VI. Modifica-los modelos de intervención arquitectónica e urbanística é máis rendible para a cidade, actuacións "brandas" no tempo onde se estableza unha estratexia cultural e patrimonial dos nosos edificios, fronte ás actuacións "duras", que implican a demolición parcial ou total da edificación dado o estado de conservación deste.

O contido da presente ordenanza baséase nos problemas prácticos detectados polos servicios técnicos municipais no cumprimento do deber de conservación, coa intención de procurar solucións realistas. Outra das

pretensións da ordenanza é complementar, dentro do marco normativo estatal e autonómico vixente, o regulamento do deber de conservación, a declaración de ruína e a rehabilitación, de xeito que se conteña nun só texto.

1) O Título I regula a cuestión do "deber de conservación das edificacións e as ordes de execución". Este título divídese en tres capítulos, un referente ás definicións e contido do deber de conservación, outro relativo ás ordes de execución, o seu contido, procedemento e efectos, e un terceiro sobre as inspeccións técnicas das edificacións.

O aspecto novo do terceiro capítulo é a regulación da inspección técnica de edificacións, mediante a cal se pretenden evita-las consecuencias que a falta de conservación apropiada xera nas edificacións.

Coa finalidade de que esta nova tarefa poida ser asumida pola organización administrativa existente e non incrementado de xeito innecesario o presuposto municipal, pártese de organizacións institucionais xa existentes, os colexios profesionais, capaces de desenvolver esta inspección de modo eficaz. A única unidade administrativa de nova creación é o Rexistro de Edificios, que, dependente do Servizo de Urbanismo, coordinará o cumprimento do dito deber e a subsecuente intervención municipal, se fose precisa.

Este deber de conservación ten o seu apoio legal tanto na Constitución española de 1978, como na LPH, LAU, LOE, LPHE, LPCG, LOUGA, Lei 6/98 e o RDUG, entre outros.

2) O Título II da presente ordenanza regula un dos aspectos máis innovadores da ordenanza, o deber de rehabilitación. Na regulación desta materia utilízanse técnicas xa existentes, encadrándoas nun marco único, que se conecta co deber de conservación.

O deber de rehabilitación aplícase, tal e como establece o artigo 9 da LOUGA, a tódalas edificacións, especialmente ás situadas na zona PEPRI, ou a aquelas que atopándose fóra dela, gozan de especial nivel de protección no PXOU, é dicir aqueles edificios con protección singular; isto por entender que a asignación de tales niveis de protección obriga á Administración a unha actuación singularizada respecto a eles.

Así mesmo, as edificacións e inmobles situados en solo rústico e solo de núcleo rural estarán obrigados, de acordo co sinalado no artigo 9.2 da LOUGA, a realiza-las obras precisas para a protección do medio rural e ambiental. A inobservancia do deber de rehabilitación dará lugar ás correspondentes ordes de execución para garanti-lo seu incumprimento.

3) Por último, o Título III da ordenanza trata o suposto de edificacións ruinosas, onde se establecen aclaracións sobre os supostos de ruína e os efectos da declaración de tal circunstancia.

Na valoración das reparacións que haberá que facer no edificio, distínguese tallantemente entre as obras de reparación en sentido estricto e as de rehabilitación conexas. As primeiras son as precisas para devolve-lo edificio ó seu estado primitivo. As obras de

rehabilitación conexas son as que se fan con ocasión da reparación para repoñe-las instalacións do edificio, de xeito que estas se adapten á normativa vixente sobre habitabilidade, por exemplo: renovación da instalación eléctrica inadecuada, instalación de cuartos de baño, se non os tiña o edificio, etc.

Mentres as obras de reparación en sentido estricto se teñen en conta para os efectos de determinar se o edificio se atopa ou non en ruína económica, as obras de rehabilitación conexas non entran dentro do que a xurisprudencia vén entendendo por "reparación" dun edificio, xa que unicamente se fan como consecuencia das de reparación indicadas.

#### TÍTULO PRELIMINAR.

Disposicións xerais.

Artigo 1.- Obxecto e contido da ordenanza.

1.- O obxecto desta ordenanza é a regulación no termo municipal de Lugo da obriga formal dos propietarios de edificacións, urbanizacións e terreos e demais inmobles de conservalos en estado de seguridade, salubridade e ornato público (artigo 19 da Lei 6/98, artigo 199 da LOUGA, artigo 25 do RDUG, artigo 30 do PEPRI), así como, se é o caso, o deber de rehabilitación (artigos 9 e 188.4 da LOUGA) imposto pola normativa urbanística e de réxime do solo.

2.- Cumpri-lo deber imposto ós concellos no artigo 200 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (de aquí en diante, LOUGA), de regular mediante ordenanza o deber de inspección periódica das edificacións para determina-lo seu estado de conservación.

3.- Os preceptos da presente ordenanza interpretáranse e aplicáranse, en todo caso, dentro dos límites fixados no bloque normativo estatal e autonómico que regula os deberes de conservación e rehabilitación das edificacións.

Artigo 2.- Condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

Entenderanse como condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato público nas edificacións as seguintes:

a) Condicións de seguridade:

As edificacións deberán manterse nos seus pechamentos e cubertas estancas ó paso da auga, contar coa protección da súa estrutura fronte á acción do lume e manter en bo estado os elementos de protección contra as caídas.

Os elementos da súa estrutura deberán conservarse de xeito que garantan o cumprimento da súa misión resistente, defendéndoos dos efectos da corrosión e axentes agresores, así como das filtracións que poidan lesiona-las cimentacións.

Deberán conservarse, así mesmo, os materiais de revestimento de fachadas, cobertura e pechamentos de xeito que non ofrezan risco para as persoas e os bens.

b) Condicións de salubridade:

Deberá manterse o bo estado das redes de servizo, instalacións sanitarias, condicións de ventilación e iluminación de xeito que se garanta a súa aptitude para o uso a que estean destinadas e o seu réxime de utilización.

Manterán tanto o edificio como os seus espazos libres cun grao de limpeza que impida a presenza de insectos, parásitos, roedores ou animais vagabundos que poidan ser causa de infeccións ou perigo para as persoas.

Conservarán en bo estado de funcionamento os elementos de redución e control de emisións de fumes e partículas.

c) Condicións de ornato:

A fachada das construcións, así como de tódolos elementos que a compoñen, deberá manterse acondicionada, mediante a limpeza, pintura, reparación ou reposición dos seus materiais de revestimento.

Igualmente, deberá en todo momento harmonizar co resto da paisaxe urbana que a rodea.

Artigo 3.- Participación cidadá.

1.- Os órganos responsables da tramitación dos expedientes a que se refire esta ordenanza facilitarán a participación dos veciños a través das súas entidades representativas. Para tal efecto, as asociacións veciñais que estean debidamente inscritas no rexistro municipal correspondente terán a consideración de interesados en calquera dos expedientes da súa zona de influencia ou barrio a que se refire esta ordenanza dende a súa constitución en parte nestes, sen prexuízo da acción pública en materia de urbanismo recoñecida na disposición adicional 4.<sup>a</sup> da LOUGA.

2.- A Administración municipal poderá solicita-la colaboración das distintas asociacións naqueles supostos nos que a problemática social o faga aconsellable.

Artigo 4.- Control do deber de conservación e rehabilitación.

1.- A vixilancia e control para o cumprimento dos deberes de conservación e rehabilitación correspóndelle ó servizo municipal do Concello competente na materia.

2.- O servizo municipal que teña atribuída a competencia tramitará os expedientes incoados de oficio ou a instancia de interesado, en exercicio ou non da acción pública.

TÍTULO I.

Do deber de conservación e as ordes de execución.

Capítulo 1.

Do deber de conservación.

Artigo 5.- Deber de conservación.

Os propietarios conservarán os terreos, urbanizacións e edificacións nos termos establecidos nas normas urbanísticas do Plan xeral de ordenación urbana (PXOU), Plan especial de protección, rehabilitación e

reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia (PEPRI) e lexislación urbanística aplicable e con suxeición ás normas sobre protección do medio ambiente e do patrimonio histórico e arqueolóxico e sobre rehabilitación urbana e rústica.

Así mesmo, os propietarios das vivendas estarán na obriga de mantelas nas condicións de habitabilidade fixadas na normativa aplicable sobre condicións de habitabilidade e os correspondentes instrumentos de planeamento.

Artigo 6.- Das ordes de execución.

En caso de incumprimento dos deberes ós que se refire o artigo precedente, o Concello, a través dos seus órganos competentes, dictará orde de execución nos termos establecidos nesta ordenanza.

Artigo 7.- Ordes de execución para elementos sometidos a algún réxime de protección.

No relativo ás actuacións dirixidas á conservación e/ou rehabilitación que se ordenen para os elementos sometidos a algún réxime de protección haberá que aterse, no que se refire ás condicións de execución destas, ó disposto nas normas urbanísticas do planeamento do Concello de Lugo, así como na lexislación específica aplicable, de acordo co seu nivel de protección.

Artigo 8.- Ordes de execución por motivos turísticos ou estéticos.

Nas fachadas, cubertas ou espazos visibles dende a vía pública poderán dictarse ordes de execución por motivos de interese turístico ou estético, de acordo co establecido nas normas urbanísticas do planeamento do Concello de Lugo, así como no resto da lexislación aplicable.

Nos edificios situados no ámbito do PEPRI eliminaranse, ocultaranse ou reconduciranse, na medida do posible, os cableados dos servizos de subministracións xerais, respectando en todo caso o establecido na ordenanza municipal de gabias.

As fachadas dos edificios catalogados non serán, en ningún caso, obxecto de instalacións e conducións arrimadas, salvo que por causa xustificada e en expediente individualizado tramitado para o efecto se autorízase, sempre que o permita a ordenanza municipal de gabias. Das licencias que se outorguen a estas edificacións o interesado dará parte ás empresas subministradoras afectadas.

As compañías de subministración son responsables do mantemento, seguridade e decoro destas instalacións, e teñen a obriga de impedir en todo momento a provisionalidade, a desorde e o deixamento.

Artigo 9.- Elementos das fachadas.

É obrigatorio o mantemento permanente e continuo de tódolos elementos presentes nas fachadas dos edificios por parte dos seus usuarios, sen prexuízo da obriga dos propietarios de mante-lo inmovle en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

Os elementos arquitectónicos de soporte, paráme-

tros, ornamentos, enmarcados, cornixas, balcóns, terrazas, varandas, etc., hanse de manter limpos e constructivamente sans, sen pintadas, "graffitis", carteis, adhesivos ou elementos similares nin tampouco elementos obsoletos.

#### Capítulo 2.

Réxime e procedemento das ordes de execución.

Sección primeira.

Réxime das ordes de execución.

Artigo 10.- Órgano competente.

1.- Correspóndelle á Alcaldía, sen prexuízo das súas facultades de delegación, ordena-la execución das actuacións precisas para corrixi-las deficiencias que se refiran á seguridade estrutural dun edificio, así como as restantes ordes de execución.

2.- O órgano competente para resolver, tamén será competente para ordena-las actuacións precisas para corrixi-las deficiencias detectadas.

Artigo 11.- Iniciación.

1.- O procedemento para esixi-lo cumprimento do deber de conservación, en calquera das súas formas, poderá iniciarse de oficio ou a instancia de calquera que tivese coñecemento do seu incumprimento.

2.- Os expedientes iniciados de oficio serán:

a) Como consecuencia da actuación dalgún servicio municipal que permita supoñe-la existencia dun incumprimento dos deberes de conservación.

b) Como consecuencia de informes emitidos polos servicios técnicos nas inspeccións programadas que se fagan.

c) Por denuncia.

Artigo 12.- Da inspección.

1.- Corresponderalle a inspección de edificacións, terreos e urbanizacións ó servicio técnico municipal competente, sendo de aplicación o disposto no artigo 208 da LOUGA en materia de inspección urbanística.

2.- A inspección materializarase no correspondente informe de inspección.

Artigo 13.- Dos informes.

1.- Iniciado o expediente, os servicios técnicos do Concello, trala inspección previa do terreo, urbanización ou edificación, emitirán un informe sobre o seu estado.

2.- O informe conterá:

a) Situación do inmovible ou inmovibles afectados pola actuación que se vai facer.

b) Descrición dos danos ou deficiencias que presenta, indicando, se é o caso, as posibles causas.

c) Actuacións precisas para determinar e/ou corrixi-los danos ou deficiencias detectadas e, de se-lo caso, as medidas de seguridade que se terán que adoptar.

d) Situación urbanística do inmovible de conformida-

de co disposto nas Normas urbanísticas do Plan xeral, determinando se o inmovible está suxeito a algún réxime de protección ou se está en situación de fóra de ordeación.

e) Se a entidade da obra esixe proxecto técnico e/ou dirección facultativa, de acordo co criterio que estableza para a solicitude de licencias a lexislación urbanística.

f) Determinación do prazo para o comezo e execución das actuacións, e estimación do seu carácter de urxencia, se existise.

g) Se o considerasen conveniente, por incorrer algúns dos supostos de ruína previstos na presente ordenanza, poderán propoñe-lo expediente de ruína.

Artigo 14.

Emitido o informe técnico, o órgano competente do municipio decidirá se inicia-lo procedemento para dic-tar unha orde de execución, para esixi-lo deber de conservación, ou inicia-lo expediente de declaración de ruína, se o estimase conveniente tras analiza-los ditos informes.

Artigo 15.

Mediante as ordes de execución, o Concello exerce a súa competencia para esixi-lo cumprimento dos deberes de conservación en materia de seguridade, salubridade e ornato das edificacións, ordenándolles ós propietarios a execución das obras ou actuacións precisas para garanti-lo seu cumprimento.

Artigo 16.- Contido básico.

1.- A orde de execución deberá conter obrigatoriamente a determinación concreta das obras que foran precisas para restablece-las condicións de seguridade, salubridade e ornato, que deberán de acordarse da forma menos gravosa para o propietario.

2.- Así mesmo, deberá fixa-lo prazo para o cumprimento voluntario do ordenado polo propietario. O dito prazo determinarase en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que se teñan que facer.

3.- A orde de execución determinará se a entidade das obras esixe proxecto técnico e, de se-lo caso, dirección facultativa.

Artigo 17.- Fachadas.

No suposto de fachadas visibles dende a vía pública, xa sexa polo seu mal estado de conservación, por terse transformado en espacio libre ou uso dun predio lindeiro ou por queda-la edificación por encima da altura máxima e resultar medianeiras ó descuberto, poderá impoñerse a apertura de ocós, instalación de balcóns, miradoiros ou calquera elemento propio duna fachada ou, de se-lo caso, a decoración, así como o acondicionamento, ornato e hixiene desta, sempre que non contraveñan o disposto na lexislación civil e no planeamento vixente no Concello.

Sección segunda.



Procedemento e efectos.

Artigo 18.- Dos obrigados.

As ordes de execución notificaránselle á propiedade do inmovible. Para isto, se fose preciso, requiriránselle de oficio ó Rexistro da Propiedade ou a calquera outro rexistro público adecuado que informe sobre a titularidade deste.

Os propietarios deberán indica-lo nome do presidente da comunidade de propietarios ou, en defecto disto, designar un representante ante o Concello, con quen se entenderán as ulteriores dilixencias. As relacións entre os copropietarios son estritamente civís e non poderán alegarse pola comunidade para desvirtuar as ordes de execución.

No suposto de que o expediente afecte a edificios nos que o seu propietario falecese, haberá que a terse ó disposto na lexislación civil para os efectos de determinar as persoas obrigadas ó cumprimento da orde de execución, sendo isto así mesmo aplicable ós demais supostos distintos das ordes de execución previstos nesta ordenanza.

Artigo 19.- Resolución.

1.- Salvo que existise perigo na demora, á vista dos informes técnicos e xurídicos esixidos polo Regulamento de disciplina urbanística, con carácter previo á proposta de resolución, daráselle trámite de audiencia ó interesado, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, (en adiante Lei 30/92).

2.- Cumprido este trámite, logo do informe previo, de se-lo caso, sobre as alegacións presentadas, o órgano competente ordenaralle ó propietario o cumprimento das actuacións precisas para corrixi-las deficiencias nos termos e prazos establecidos polo informe técnico emitido, coa advertencia de posible imposición de multas coercitivas, e/ou execución subsidiaria pola Administración a custa da propiedade en caso de incumprimento do ordenado; todo o cal se lles comunicará, de se-lo caso, ós afectados.

Artigo 20.- Cumprimento das ordes de execución.

1.- As ordes de execución cumpriranse nos seus propios termos.

2.- A persoa propietaria do inmovible deberá solicitar licenza, cando a entidade das obras o requira, acompañada da documentación técnica necesaria, así como cumprir-las obrigas fiscais que esta leva emparellada.

3.- Cando se esixa proxecto técnico ou dirección facultativa, non se considerarán conclusas as obras en tanto non se teña presentado o certificado final destas visado polo colexio profesional correspondente. Se non se esixise, o cumprimento do ordenado comprobarase de oficio, unha vez comunicada pola propiedade a finalización das obras.

Sección terceira.

Réxime das actuacións inmediatas.

Artigo 21.- Actuacións inmediatas.

1.- Se un servizo municipal apreciase a existencia dun perigo grave e inminente, daralle coñecemento ó órgano competente, o cal adoptará as medidas que estimase oportunas nos termos legalmente establecidos, sen prexuízo de que, de conformidade cos principios de proporcionalidade e intervención mínima e en función das circunstancias propias de cada caso, o dito servizo adoptase as medidas tecnicamente imprescindibles e necesarias para evitar danos nas persoas e nos bens.

2.- As actuacións referidas nos números precedentes serán a cargo da propiedade do inmovible.

Sección cuarta.

Sobre a execución forzosa.

Artigo 22.- Multas coercitivas.

1.- No caso de incumprimento das ordes de execución, o órgano actuante poderá, sen prexuízo do recurso en último termo á execución subsidiaria, impoñerlle á persoa obrigada multas coercitivas de 300 a 6.000 euros reiterables ata logra-la execución das obras ordenadas (art. 199 da LOUGA).

2.- A multa será imposta polo mesmo órgano que ordenou a execución das obras, no grao medio, salvo que, logo do informe razoado dos servizos técnicos, se estime outra cousa en función da importancia das obras e, de se-lo caso, da gravidade do risco xerado. A resolución outorgará outro prazo igual para o cumprimento do ordenado.

Artigo 23.- Da execución subsidiaria.

1.- En caso de incumprimento do ordenado poderá procederse á execución subsidiaria, baixo a dirección dos técnicos municipais ou dos técnicos que se contrataron con tal fin, de acordo co establecido no artigo 98 da Lei 30/92.

2.- A realización das obras en execución subsidiaria require, con carácter simultáneo, a elaboración dun presuposto aproximado, sen prexuízo do disposto na alínea cuarta deste artigo.

O dito presuposto comunicánselle á propiedade da finca para os efectos de que efectúe as alegacións oportunas.

Informarase, así mesmo, ás persoas interesadas da identidade do contratista e da referencia do contrato que aquel subscribiu co Concello para estes efectos, cando este sexa necesario.

3.- A orde de execución subsidiaria que se dicte conterà o importe da valoración das obras que haxa que facer, así como o importe dos gastos, danos e perdas ocasionados como consecuencia desta, que será liquidada provisionalmente a conta do interesado, a reserva da liquidación definitiva.

A dita valoración das obras farase de conformidade coa correspondente ordenanza fiscal municipal, e no caso de que non exista partida ó respecto valorarase de acordo coas táboas existentes no Colexio Oficial de Arquitectos.

De conformidade co establecido no artigo 98.4 da

Lei 30/92, o cobro da liquidación efectuada con ocasión da execución subsidiaria poderase facer antes da dita execución, a reserva da liquidación definitiva ou unha vez executada esta.

4.- Cando se adopten medidas de seguridade por execución subsidiaria e, pola complexidade destas, urxencia ou descoñecemento do alcance real dos danos, non se puidese anticipar un presuposto aproximado do seu custo cun mínimo rigor técnico, deberá xustificarse nun informe técnico de xeito ineludible a causa desa imposibilidade.

Nestes supostos, dado o carácter urxente da actuación, poderase prescindir da tramitación prevista nos parágrafos precedentes, e daráselle conta á propiedade do inmovible do informe aludido.

Artigo 24.- Diagnóstico da execución subsidiaria.

As probas técnicas, tales como calas, demolicións de recubrimento de elementos estruturais, probas de carga ou similares, que sexa preciso facer para obter un diagnóstico adecuado dos datos existentes no edificio que permita elaborar un presuposto efectivo das obras de execución subsidiaria valoraranse e cobraranse unha vez feitas, con independencia das obras que se acometerán.

Artigo 25.- Dos custos adicionais.

1.- No suposto de que no transcurso das obras en execución subsidiaria, por motivos técnicos debidamente xustificadas, sexa preciso o desaloxamento provisional dos ocupantes dalgunha ou de tódalas vivendas do inmovible no que se estea actuando, os Servizos Sociais do Concello colaborarán no realoxamento dos ocupantes lexítimos que o precisen, o tempo que sexa imprescindible. O custo do dito realoxamento será con cargo á propiedade do inmovible.

2.- No suposto de que por causas alleas ó desenvolvemento das obras en execución subsidiaria, imputables á propiedade ou ós ocupantes do edificio, estas se tivesen que paralizar, o aumento do custo dos medios auxiliares será con cargo á propiedade da finca.

3.- Os gastos a que se refiren os números precedentes liquidaranse nun capítulo adicional ó da execución material das obras.

Sección quinta.

Disposicións particulares.

Artigo 26.- Ordes que impliquen a colocación de estadas.

Se a execución das obras require a utilización de estadas, plataformas elevadoras, grúas ou outro medio auxiliar similar, a propiedade achegará, antes do seu inicio, a folia de encarga ou documento similar da dita instalación, visado polo colexio correspondente, no que conste a dirección facultativa, para os efectos de obter a correspondente autorización municipal.

Artigo 27.- Ordes que impliquen ocupación de vía pública.

Se a obra require a ocupación da vía pública con

valos, estadas ou outras ocupacións de similar natureza, deberá liquidar, tralo comezo das obras, o prezo público por aproveitamento da vía pública que establece a ordenanza municipal para o efecto.

Artigo 28.- Ordes que afecten a Patrimonio Histórico así como Patrimonio Arqueolóxico.

Dado o carácter de Ben de Interese Cultural do Conxunto Histórico de Lugo, os expedientes relativos a ordes de execución de obras que afecten a este axustaranse nelas ó contido no PEPRI.

Os bens inmovibles declarados, catalogados, así como o seu contorno, e inventariados segundo o disposto no artigo 24 da LPCG, seralles de aplicación o disposto na Lei de patrimonio cultural de Galicia.

Capítulo 3.

Da inspección técnica da edificación.

Artigo 29.- Da inspección técnica de edificios.

1.- En desenvolvemento do previsto no artigo 19 da Lei 6/98 e no artigo 200 da LOUGA, e para o mellor cumprimento e efectivo control do deber de mantemento dos edificios en condicións de seguridade construtiva, estes terán que pasar na forma e prazos establecidos neste capítulo unha inspección técnica que acredite o seu estado para tales efectos.

2.- O custo derivado da obtención do correspondente informe será por conta e cargo do propietario do edificio ou inmovible ou, de se-lo caso, dos terceiros interesados ós que se refire o artigo 36.6 desta ordenanza, e deberá presentarse no Rexistro de Inspección Técnica de Edificios nos prazos establecidos para iso.

Artigo 30.- Obrigados.

Correspóndelle-la obriga de efectua-la inspección técnica dos edificios ós seus propietarios.

Artigo 31.- Capacitación para a inspección.

1.- Os propietarios de construcións e edificios deberán encomendarlle a un técnico facultativo competente na materia a realización da inspección dirixida a determina-lo estado de conservación ou as obras de conservación ou, se é o caso, rehabilitación que fosen precisas.

2.- A inspección técnica levarana a cabo profesionais titulados legalmente competentes para iso.

3.- A obriga formal de acredita-lo cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario do informe expedido por técnico competente, no contido, na forma e nos prazos que se establecen nesta ordenanza.

Artigo 32.- Edificios suxeitos a inspección.

1.- Os propietarios dos edificios deberán efectua-la primeira inspección técnica destes, a cargo de facultativo competente, dentro do ano seguinte a aquel en que se cumpran trinta (30) anos dende a súa construción ou obra de rehabilitación que, por afectar profundamente ó conxunto do edificio, terá un carácter equivalente, ou dentro do prazo específico de 6 meses se o

propietario da edificación fose requirido para isto de xeito expreso e motivada polo órgano competente para iso.

2.- Os edificios situados no ámbito do PEPRI que teñan unha antigüidade inferior a 10 anos no momento da entrada en vigor da presente ordenanza deberán someterse á primeira inspección dentro dos 5 anos seguintes á data na que se alcance esa antigüidade.

3.- As subsecuentes inspeccións faranse dentro do ano seguinte a aquel no que transcorresen dez (10) anos dende a anterior inspección.

#### Artigo 33.- Rexistro de edificio.

1.- Crearase, dependente do servizo do Concello competente en materia urbanística, un rexistro informatizado centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, no que quedará constancia da data de presentación e contido de cada un dos informes de inspección técnica e fichas técnicas dos edificios que se presenten.

2.- No dito rexistro farase contar como mínimo o seguinte:

a) Situación e nivel de protección do edificio, de se-lo caso.

b) Data de construción ou, de non constar, ano aproximado. Presumirase, salvo proba en contrario, que a antigüidade do edificio é a que figura nos rexistros municipais: catastro e catálogo de edificios.

c) Datos de actuacións posteriores de rehabilitación e reformas, con indicación do alcance da obra, data, técnicos, empresa constructora.

d) As inspeccións técnicas feitas e o seu resultado.

e) De se-lo caso, a corrección das deficiencias que, como consecuencia das inspeccións técnicas, se fixesen.

f) Reportaxe fotográfica do estado do edificio.

3.- É función do rexistro o control do cumprimento da obriga establecida no artigo 29, nos prazos sinalados no artigo 32 desta ordenanza. Os datos que figuren no rexistro serán públicos só para efectos estatísticos e informativos, nos termos establecidos na legislación de procedemento administrativo común.

4.- As copias acreditativas da presentación do primeiro e dos sucesivos informes de inspección técnica da edificación e as súas correspondentes fichas técnicas da edificación uniranse ó Libro do Edificio ou, en defecto disto, á documentación técnica deste, e deberán ser conservadas polos propietarios e transmitidas, no caso de alleamento por calquera título, ós seus novos titulares, de conformidade co previsto na LOE e nas posteriores disposicións de desenvolvemento desta.

5.- O acceso ó rexistro que se regula neste artigo verificarase conforme ó previsto no artigo 37 da Lei 30/92.

#### Artigo 34.- Contido do informe de inspección técnica.

1.- O informe de inspección técnica da edificación

dictaminará que o edificio ou inmovible reúne as condicións esixibles de seguridade establecidas no Plan xeral de ordenación urbana e nos plans especiais de protección, especialmente no relativo a elementos de fachadas a espazos de uso público, estabilidade estrutural e cimentación, sistema de cubertas e instalacións primarias.

2.- As inspeccións técnicas que se efectúen terán como mínimo o seguinte contido:

a) Plano de situación do PXOU, sinalando a súa localización.

b) Esbozo dos alzados ou fotografías a cor das fachadas, situando neles/as as deficiencias que existiran. Estado xeral e valoración.

c) Descrición do tipo de estrutura e cimentación. Estado Xeral. Valoración.

d) Descrición do tipo de cubertas e azoteas, o seu material de cubrición e a estrutura portante. Estado Xeral. Valoración.

e) Descrición da fontanería e a rede de saneamento do edificio (rexistrable, grupo de bombeo, etc.). Estado Xeral. Valoración.

f) Descrición das instalacións de calefacción, gas e eléctrica. Estado Xeral. Valoración.

g) Informe sobre medidas recomendables e prioritarias para asegura-la estabilidade, a seguridade, a estanquidade e a consolidación estrutural, así como para manter ou recupera-las condicións de habitabilidade ou de uso efectivo segundo o destino propio da construción ou da edificación.

h) Os graos de execución e efectividade das medidas adoptadas nos inmobles e dos traballos e obras feitas para cumpra-las recomendacións contidas no último informe de inspección técnica ou, de se-lo caso, nos informes técnicos das inspeccións anteriores.

i) Informe sobre as instalacións mecánicas (ascensores, antenas,...) de que dispoña o edificio. Estado Xeral. Valoración.

l) Informe sobre as instalacións de protección contra incendios.

3.- En todo caso, a emisión do informe de inspección técnica de edificios axustarase ós principios de imparcialidade, obxectividade e independencia, así como á veracidade nas manifestacións que nel se conteñan.

4.- A inspección terá que realizarse segundo o modelo oficial de cuestionario de inspección que se aprobe e deberá expresar se o resultado final desta é favorable ou desfavorable.

5.- No caso de que o informe fose desfavorable por non alcanzarse as condicións de seguridade construtivas citadas no parágrafo anterior, este deberá sinalar as obras precisas que se teñan que facer, coa indicación, de se-lo caso, do presuposto estimativo e do prazo de inicio e de execución destas. Comprenderán, así mesmo, as medidas inmediatas de seguridade no caso en que procedesen, e deberá xustificarse que non

admiten demora por motivo de inminente perigo para os ocupantes da edificación ou quen ocupe as súas inmediacións.

Cando as obras que se teñan que facer non teñan carácter de urxencia, establécese un prazo de dous meses para a presentación da correspondente licenzia de obras e proxecto técnico visado polo colexio profesional correspondente.

#### Artigo 35.- Ficha técnica de edificios.

Establécese a obriga de facer unha ficha técnica de edificios que se entregará de xeito conxunto co informe de inspección técnica de edificación, na cal se detallarán os datos urbanísticos e arquitectónicos, réxime de propiedade, ocupación etc., segundo o modelo que aproben o Alcalde ou concelleiro en quen delegue competente na materia, que así mesmo será o competente para as modificacións deste.

A dita ficha técnica, cando corresponda a edificación de nova planta ou resultante dunha reforma xeral rematada con posterioridade á entrada en vigor desta ordenanza, deberá presentarse como documentación preceptiva na tramitación da licenzia de primeira ocupación, pasando ó Rexistro de Inspección Técnica da Edificación. Nos restantes edificios presentarase xunto co informe de inspección técnica da edificación.

#### Artigo 36.- Forma e prazo de presentación do informe de inspección técnica da edificación.

1.- O informe de inspección técnica de edificación deberá presentarse no Rexistro de Inspección Técnica de Edificios acompañado da ficha técnica de edificios e visado polo colexio oficial correspondente, o cal deberá expresar de xeito inequívoco se é favorable ou desfavorable.

2.- O primeiro informe de inspección técnica da edificación deberá solicitarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra trinta anos de antigüidade ou dentro do prazo especificado de seis meses se a persoa propietaria da edificación fose requirido para iso de xeito expreso e motivado polo órgano do Concello competente para iso.

3.- O informe de inspección técnica da edificación deberá renovarse periodicamente, dentro do ano seguinte a aquel en que transcorresen dez anos dende o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior.

4.- Para os efectos desta ordenanza, enténdese como idade da edificación o tempo transcorrido dende a data de remate total da súa construción. Non obstante, no caso de obtención de licenzia de ocupación para execución de obras de reforma xeral que afecten á edificación completa, o prazo de presentación do informe de inspección técnica da edificación, así como o das sucesivas renovacións, comezará a contar a partir da data de aprobación desta.

Con carácter xeral, a idade da edificación acreditarase documentalmente seguindo a seguinte orde de prelación:

- certificado final de obras

- licenzia de ocupación

- licenzia de obras

- por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características constructivas

- calquera medio de proba admisible en dereito.

Sen prexuízo do anterior, o Concello colaborará cos interesados facilitándolle-los datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros que se atopen a disposición dos interesados.

5.- A eficacia do informe esixe remitir copia deste ó Concello, así como ó colexio profesional correspondente.

6.- Esgotado o prazo correspondente para presenta-lo informe de inspección técnica da edificación por parte do propietario, poderá facelo calquera outro titular lexítimo dun dereito sobre a edificación (arrendatario, usufrutuario, etc.), no prazo de un ano, en caso de incumprimento do prazo xeral, e no prazo de seis meses en caso de incumprimento do prazo específico.

#### Artigo 37.- Resultado da inspección.

1.- O resultado da inspección seralle comunicado pola propiedade, mediante copia do informe de inspección debidamente visado polo colexio profesional correspondente, ó Concello, que fará constar no Rexistro o seu carácter favorable ou desfavorable.

2.- Se o resultado da inspección fose desfavorable, o servizo do que dependa o Rexistro remitirálle-lo informe emitido ós servizos municipais correspondentes, que, de estimalo oportuno, efectuarán unha visita de inspección e, en todo caso, farán un informe ordenando o que proceda, de conformidade co establecido nesta ordenanza. A corrección de deficiencias farase constar igualmente no Rexistro.

#### Artigo 38.- Efectos do cumprimento da obriga de efectuar-la inspección.

1.- O cumprimento dentro do prazo fixado da obriga de presentación do informe de inspección técnica onde se exprese o cumprimento das condicións esixibles de seguridade constructiva facultará ó propietario ou ós titulares lexítimos dos dereitos sobre a edificación, no caso previsto nesta ordenanza, para solicitar calquera tipo de axuda que o Concello ou calquera outra administración estableza para a rehabilitación total ou parcial do edificio.

2.- O cumprimento no prazo fixado da obriga de presentación do informe de inspección técnica de edificios onde exprese a necesidade de acometer obras para alcanza-las condicións esixibles de seguridade constructiva facultará ó órgano competente para isto, para que, trala comprobación previa do informe emitido e a modificación, de se-lo caso, das obras de reparación do edificio que resulten procedentes, se requira ós interesados para que no prazo de dous meses soliciten licenzia municipal para a execución das obras correspondentes e presenten o correspondente proxecto técnico visado polo colexio profesional que corresponda. En caso de que non se solicite a licenzia, haberá que aterse ó establecido no artigo seguinte.

3.- Se do informe de inspección técnica de edificación resultara a necesidade de acometer medidas inmediatas de seguridade por perigo inminente, poderanse face-las medidas no prazo previsto no informe de inspección técnica da edificación, logo da emisión de informe xurídico previo ó dictado da orde de execución. Con posterioridade poderán solicita-las axudas correspondentes para o cumprimento do deber de conservación.

4.- O Concello de Lugo, a través do servizo competente para isto, adoptará as medidas oportunas para establecer, con carácter preferencial, as axudas pertinentes ós edificios e vivendas que cumpran a inspección técnica de edificios.

5.- Nos casos previstos nos parágrafos anteriores será de aplicación o tipo reducido da taxa polo outorgamento de licencias de obras, de conformidade co establecido na ordenanza fiscal correspondente, así como as bonificacións sinaladas na ordenanza reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Artigo 39.- Consecuencias do incumprimento da presentación dentro do prazo do informe de inspección técnica de edificios.

1.- Non se concederá axuda á rehabilitación total ou parcial dos edificios sen cumprir no prazo fixado coa obriga de presenta-lo informe de inspección técnica de edificación.

2.- Se transcorrido o prazo para efectua-la inspección do edificio o propietario non o fixera, o Concello ordenará que esta se faga, outorgándolle un prazo de tres meses, coa advertencia de execución forzosa en caso de incumprimento, todo isto sen prexuízo da sanción que lle corresponda de acordo co establecido na LOUGA.

3.- O Concello poderá proceder a face-la inspección subsidiariamente nos termos da sección cuarta do capítulo II deste título, coa particularidade de que a notificación ó interesado da identidade do contratista e o presuposto a que se refire o artigo 23.2 serán substituídos pola identidade do colexio designado para face-la inspección e o importe dos honorarios que terá que percibir por este.

Para isto, o Concello poderá formalizar convenios cos colexios profesionais correspondentes co obxecto de que os técnicos colexiados que reúnan os requisitos de capacitación técnica que se conveñan fagan baixo a súa persoal responsabilidade a inspección. A designación do técnico colexiado efectuaráa o colexio segundo a súa normativa interna, limitándose o Concello, por un procedemento rotatorio, a decidir cal é o colexio profesional, que ten que seleccionar técnico, a medida que xurdan incumprimentos desta obriga.

O convenio cos diferentes colexios determinará os honorarios que vai percibi-lo designado, que serán exaccionados pola Administración municipal ós propietarios, podendo recorrer, de se-lo caso, á vía de constrinximento.

En caso de non formalizarse tales convenios, o

Concello poderá, se o considera conveniente, organizar unha quenda á que poderán acceder todos aqueles titulados colexiados que reúnan os requisitos de capacitación técnica que determine o Servizo de Urbanismo. A designación destes farase de xeito rotatorio por orde de antigüidade na lista.

5.- A formalización dos convenios antes sinalados e a contratación dos técnicos que teñan que face-la inspección adecuarase ás previsións presupostarias establecidas para isto polo Concello.

Artigo 40.- Axudas para o outorgamento de subvención ós propietarios que carezan de recursos económicos suficientes para face-la inspección técnica dos edificios.

1.- Terá a consideración de presuposto subvencionable a cantidade detallada na factura emitida polo técnico competente que fixera a inspección. En todo caso, a subvención prevista ten carácter de subvención a fondo perdido.

2.- Consideraranse beneficiarios aqueles propietarios que acreditando a súa condición mediante certificado do rexistro da propiedade ou copia compulsada da escritura de propiedade, xustifiquen ter uns ingresos anuais inferiores a 1,5 veces o salario mínimo interprofesional.

3.- As axudas delimitaranse no seu momento ata un máximo fixado, diferenciándose estas segundo sexan para vivendas unifamiliares ou en réxime de propiedade horizontal, quedando excluído calquera uso que non sexa o de residencial vivenda.

No caso de que sexa un edificio en réxime de propiedade horizontal, as subvencións por este concepto concederanse de xeito individual, na parte proporcional que lle corresponda de acordo coa cota de participación nesta.

4.- Estas regras serán tamén de aplicación a outros titulares de dereitos ou intereses lexítimos, acreditando debidamente mediante a documentación que, de se-lo caso, proceda.

5.- Ademais da xustificación do título de propiedade ou tenencia do inmovible, deberase achega-la seguinte documentación:

- a) documento nacional de identidade
- b) xustificación dos ingresos
- c) instancia modelo de solicitude de axuda.

6.- A concesión da axuda farase condicionada en todo caso á aprobación das partidas presupostarias establecidas para os efectos e co límite dos créditos correspondentes.

7.- O aboamento da axuda farase unha vez que fose presentada de xeito correcto no Concello a ficha da inspección técnica de edificios, xunto coa ficha técnica visada polo colexio profesional.

## TÍTULO II.

Do deber de rehabilitación e as ordes de rehabilita-

ción.

#### Capítulo 1.

Do deber de rehabilitación.

Artigo 41.- Do deber de rehabilitación.

1.- O deber de rehabilitación afecta:

a) ós edificios comprendidos no ámbito do PEPRI, de acordo coas súas prescricións

b) ós edificios incluídos no catálogo do PXOU

c) ós inmobles situados en solo rústico e núcleo rural, de acordo co establecido no planeamento urbanístico.

2.- Para os efectos deste título, as obras de rehabilitación teñen por obxecto:

a) A mellora ou nova implantación de instalacións nas condicións esixidas pola lexislación específica

b) A eliminación da infravivenda, entendendo por tal:

a. a que non cumpra as condicións sinaladas no PXOU, PEPRI.

b. a que careza das condicións de habitabilidade mínima que se establece na diferente normativa urbanística.

c) Evita-la perda das construcións tradicionais, favorecendo o uso e desfrute do medio rural cumprindo co establecido na lexislación urbanística.

3.- Os prazos para o cumprimento do deber de rehabilitar así como as consecuencias do incumprimento deste estarán determinados de acordo co establecido no título VI da LOUGA.

#### Capítulo 2.

Réxime das ordes de rehabilitación.

Artigo 42.- Ordes de rehabilitación.

1.- Enténdese por ordes de rehabilitación aquelas que teñen por obxecto ordena-la realización das obras a que se refire o número 2 do artigo 41.

2.- As ordes de rehabilitación de inmobles en solo rústico e de núcleo rural axustaranse ó disposto no artigo 203 da LOUGA.

3.- As resolucións que ordenen a rehabilitación incluírán tamén as obras de conservación e reparación que sexan consecuencia do deber de conservación do propietario.

4.- A ordes de rehabilitación adaptaranse ás condicións físicas concorrentes no inmovible, podéndose exceptuar, por razóns técnicas debidamente xustificadas, o cumprimento dalgunhas das condicións do artigo 41.2.

5.- En ningún caso poderá alegarse que o ordenado excede do deber de rehabilitación se se acordase o outorgamento das subvencións para a rehabilitación do inmovible que, como mínimo, sufraguen a diferenza entre o límite do deber do propietario e o custo das obras. Tampouco poderá alegarse o dito exceso en

caso de que exista un compromiso suficiente de persoas ou institucións privadas para financia-la obra, cando menos ata a citada diferenza, ou que complemente ata tal límite as subvencións públicas.

Artigo 43.- Órgano competente.

Correspóndelle ó Alcalde, ou por delegación deste ó concelleiro competente na materia, ordena-la rehabilitación de inmobles, logo dos informes técnicos e económicos que estime oportunos e unha vez transcorridos os prazos fixados polo planeamento xeral ou de desenvolvemento para o cumprimento do deber de rehabilitar.

Artigo 44.- Inspección, iniciación e informes.

1.- A inspección e iniciación do expediente efectuaranse nos termos establecidos nos artigos 11 e 12 desta ordenanza.

2.- Os informes emitidos polos servizos técnicos conterán, ademais dos elementos detallados no artigo 13 desta ordenanza, a descrición pormenorizada das obras precisas para a rehabilitación do inmovible.

Artigo 45.- Resolución.

1.- Salvo que existise perigo na demora, á vista dos informes técnicos e xurídicos, e con carácter previo á proposta de resolución, daráselle trámite de audiencia ó interesado.

2.- Cumprido, de se-lo caso, este trámite, o órgano competente ordenaralle ó propietario a realización das actuacións precisas para rehabilita-lo inmovible nos termos e no prazo establecidos polo informe técnico emitido, comunicándolle ós afectados.

3.- Se estivese iniciado un expediente de ruína, soamente poderá ordenarse a rehabilitación se se outorgasen subvencións para a rehabilitación nos termos sinalados no artigo 40; en caso contrario, quedará suspendido o expediente ata a resolución do de ruína, que resolverá o que proceda de acordo co disposto no título III desta ordenanza.

Artigo 46.- Das subvencións.

As ordes de rehabilitación poderán dar lugar á concesión de subvencións nos supostos en que proceda, especialmente nos edificios incluídos nos catálogos do PXOU e do PEPRI que se atopen en situación legal de ruína.

Cando se trate de subvencións en solo rústico e zona rural haberá que averse ó sinalado no artigo 202 da LOUGA.

Artigo 47.- Cumprimento das ordes de rehabilitación.

1.- As ordes de rehabilitación cumpriranse nos seus propios termos.

2.- Con carácter previo ó comezo das obras deberá achegarse, cando así se esixise, o proxecto técnico suscrito por un titulado legalmente competente para iso, e a folia de encarga ou documento análogo, visado polo colexio correspondente, no que consten a localización do inmovible, as obras a facer e a identidade da

dirección facultativa.

3.- Se a obra de rehabilitación é admisible ás de reestruturación xeral reguladas na normativa de aplicación, concluídas as obras deberá pedirse unha nova licenza de primeira ocupación do inmovible.

Artigo 48.- Incumprimento das ordes de rehabilitación.

O incumprimento das ordes de rehabilitación poderá levar emparellada a execución subsidiaria total ou parcial nos termos da sección cuarta do título precedente, con cargo á propiedade.

Artigo 49.- Convenios para rehabilitación.

Para a rehabilitación dos inmobles poderán formalizarse convenios cos propietarios e moradores que ostenten título xurídico suficiente cando fose útil ou preciso para:

1.- A determinación, de se-lo caso, da contía das subvencións.

2.- A colaboración no realoxamento provisional de moradores mentres duren as obras.

3.- A colaboración no realoxamento definitivo de moradores en caso de que a rehabilitación supoña unha redución do número de vivendas do inmovible.

4.- A participación de entidades públicas ou privadas para os efectos de subvencións ou axuda técnica.

### TÍTULO III.

Da ruína.

Capítulo 1.

Dos supostos de ruína.

Sección primeira.

Aspectos xerais.

Artigo 50.- Dos edificios ruinosos.

De acordo coa lexislación urbanística aplicable, declararase a ruína dos inmobles nos seguintes supostos:

1.- Ruína económica.- Cando o custo das obras de reparación precisas para devolve-lo edificio ás condicións preexistentes de seguridade e salubridade sexa superior ó 50 por 100 do valor actual do edificio ou das plantas existentes, excluído o valor do solo.

2.- Ruína técnica.- Cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais fundamentais.

3.- Ruína urbanística.- Cando se requira a realización de obras que non puidesen ser autorizadas por atoparse o edificio en situación de fóra de ordenación.

Artigo 51.- Deficiencias técnicas.

1.- Para os efectos de avalia-lo custo das obras de reparación precisas nunha declaración de ruína, as carencias referentes ás dimensións dos patios, ventilación de estancias e, en xeral, a carencia de instalacións esixibles pola lexislación específica vixente non serán tidas en conta por facer referencia á habitabilidade

de do inmovible e non afectar ó seu estado ruinoso.

2.- No caso de existir varias edificacións nunha unidade predial, de conformidade co establecido no artigo 34 do RDUG, a situación de ruína poderá afectar a todas ou a algunha delas, sempre e cando exista independencia estrutural e funcional entre estas, así como autonomía de demolición.

Artigo 52.- Extinción do deber de conservación.

Sen prexuízo das obras ou medidas de seguridade en tanto sexan precisas, o deber de conservación cesa coa declaración do edificio en estado de ruína, salvo que se ordene a súa rehabilitación de conformidade co establecido no título II desta ordenanza.

Artigo 53.- Demolición de edificios ruinosos.

A propiedade dun edificio declarado en ruína conforme ó previsto nesta ordenanza, antes de iniciar, de se-lo caso, as obras de demolición, deberá obter a oportuna licenza municipal nos termos que sinale a normativa urbanística.

Sección segunda.

Ruína económica.

Artigo 54.- Obras de reparación e rehabilitación conexas.

1.- Enténdense por obras de reparación, exclusivamente, aquelas que repoñen o edificio ás condicións preexistentes de seguridade e salubridade.

2.- Enténdense por obras de rehabilitación conexas as que, estando comprendidas entre as do número 2 do artigo 41 desta ordenanza, é imprescindible acometer como consecuencia da realización das obras de reparación ás que se refire o número anterior.

Artigo 55.- Custos das obras de reparación e rehabilitación conexas.

Os custos de reparación determinaranse tomando como base os prezos da Base de datos da construción de Galicia, publicadas polo Instituto Tecnolóxico de Galicia vixente. Para as partidas non definidas determinaranse os rendementos por asimilación a outras partidas.

Artigo 56.- Determinación da concorrencia das causas de ruína económica.

Para os efectos de determinar se o custo das obras de reparación supera o 50 por 100 do valor da construción, utilizarase a seguinte fórmula:

$$Pr = Cr \times 100$$

Va

onde:

"Pr" é a porcentaxe que sobre o valor do inmovible supón o custo de reparación.

"Cr" é o custo das obras de reparación.

"Va" é o valor actual do edificio, que, de conformidade co artigo 31.2 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, se obterá por aplicación da seguinte fórmula:

$$V_a = V_r \times C_e \times C_c$$

sendo:

"V<sub>r</sub>" o valor de reposición a novo da construción.

"C<sub>e</sub>" o coeficiente de depreciación por idade.

"C<sub>c</sub>" o coeficiente de estado de conservación.

Correspondendo:

"C<sub>e</sub>" ó coeficiente de depreciación pola idade, que se calculará a través desta fórmula:

$$C_e = 1 - 0,25 (\log x - 1)^2$$

sendo x a idade do edificio.

CADRO

VALORES DE C<sub>e</sub> TABULADOS DE 10 EN 10 ANOS

10	1,000000	110	0,728875	210	0,562934
20	0,977345	120	0,708842	220	0,549475
30	0,943088	130	0,689782	230	0,536424
40	0,909380	140	0,671597	240	0,523754
50	0,877860	150	0,654202	250	0,511440
60	0,848620	160	0,637523	260	0,499462
70	0,821452	170	0,621498	270	0,487799
80	0,796107	180	0,606072	280	0,476433
90	0,772355	190	0,591197	290	0,465348
100	0,750000	200	0,576830	300	0,454528

En relación co coeficiente de estado "C<sub>c</sub>"

ESTADO DE CONSERVACIÓN DO EDIFICIO

BO	C <sub>c</sub> =1,00	MALO	C <sub>c</sub> =0,70
REGULAR	C <sub>c</sub> =0,85	PÉSIMO	C <sub>c</sub> =0,55

Sección terceira.

Ruína técnica.

Artigo 58.- Esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais.

1.- Enténdese por esgotamento a perda das condicións de elasticidade e resistencia dos elementos estruturais ata o punto de poñer en risco a seguridade do edificio, tal e como o define o artigo 39.2 do PEPRI, sendo de aplicación para tódolos edificios incluídos ou non no ámbito do PEPRI.

2.- Considérase que un edificio presenta un esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais fundamentais cando aqueles non admiten consolidación ou reforzo e sexa preciso substituír ou reconstruír os ditos elementos nunha extensión superior a un tercio da totalidade destes repartidos por todo o edificio.

Son elementos estruturais os que teñen unha misión portante e resistente recoñecida como tal no cálculo estrutural.

En todo caso, entenderanse elementos estruturais fundamentais:

- Cimentación en muros [en metros lineais (ml)]

- Cimentación de pé dereito ou soporte [en unidades (ud)]

- Muros de carga e outros con función estrutural [en metros cadrados (m.<sup>2</sup>)]

- Soportes ou pés dereitos (ml)

- Carreiras ou vigas (ml)

- Forxados de piso (m.<sup>2</sup>)

- Escaleira (m.<sup>2</sup>)

- Cuberta (m.<sup>2</sup>)

3.- Para a obtención do límite establecido no número anterior seguirase o seguinte procedemento:

a) Establecerase unha relación pomenorizada dos elementos, que se cuantificará nas unidades métricas en cada caso indicadas, calculándose a súa proporcionalidade en relación co conxunto dos elementos en forma de tantos por cento.

b) Así mesmo, de xeito porcentual fixarase para cada un dos elementos a proporción que debe ser construída.

c) Estas porcentaxes, multiplicadas polas obtidas na alínea a) deste número, e sumadas, darán a contía dos danos respecto á totalidade do inmovible.

Sección cuarta.

Ruína urbanística.

Artigo 59.- Requisitos.

1.- Que exista desconformidade co planeamento, é dicir, que se atope fóra de ordenación atendendo ó planeamento urbanístico vixente.

2.- Que o edificio precise ser reparado, por existir algún dano físico na construción.

3.- Que as obras precisas para erradicar o dano excedan das autorizables a teor do disposto na LOUGA.

Artigo 60.- Obras non autorizables.

1.- A situación de fóra de ordenación dun edificio non implica automaticamente a declaración de ruína deste, para isto, o edificio, ademais, debe estar afectado por danos a reparación dos cales requira a execución de obras non autorizables.

2.- Son obras non autorizables por atoparse a construción en situación de fóra de ordenación aquelas que non estivesen permitidas polas normas urbanísticas do Plan xeral de ordenación urbana de Lugo, dentro do marco da LOUGA.

Sección quinta.

Ruína de edificios declarados, catalogados e inventariados.

Artigo 61.- Bens incluídos e especialidades do procedemento.

1.- Aplicaráselle-lo disposto nesta sección ós bens inmovibles a clasificación dos cales se contén no artigo 24 da LPCG.



2.- Os expedientes de ruína de bens inmobles comprendidos na alínea anterior tramitaranse de acordo co previsto na LOUGA, PEPRI, LPCG e LPHE.

Cando se trate de bens afectados por un expediente de declaración de ben de interese cultural, no caso de que sexan de titularidade estatal haberá que averse ó disposto no artigo 24 da LPHE, e no caso de que sexan bens integrantes do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, haberá que averse ó establecido no artigo 41 da LPCG.

Non poderá procederse á demolición de Bens de Interese Cultural sen autorización do correspondente órgano da Administración xeral do Estado ou da Consellería da Comunidade Autónoma competente na materia. A dita autorización tamén será precisa para calquera intervención nun ben inmueble catalogado e no seu contorno, así como nos inventariados, segundo a clasificación contida na LPCG.

#### Capítulo 2.

#### Procedemento.

#### Sección primeira.

Do expediente contradictorio de ruína.

Artigo 62.- Órgano competente.

Sen prexuízo do disposto na sección segunda deste capítulo para a ruína inminente, correspóndelle ó Alcalde Presidente, ou por delegación deste ó concelleiro competente na materia, a declaración do estado ruinoso das edificacións, que se efectuarán de conformidade co disposto nesta ordenanza e na lexislación urbanística aplicable.

Correspóndelle ó Servicio de Urbanismo do Concello de Lugo a tramitación dos expedientes de ruína.

Artigo 63.- Iniciación.

1.- O procedemento para a declaración de ruína iníciase de oficio ou a instancia de parte interesada.

2.- Cando o procedemento se inicie a instancia de interesado propietario xuntaránselle á solicitude de declaración de ruína os seguintes documentos:

a) Datos de identificación do inmueble.

b) Certificación do Rexistro da Propiedade da titularidade e cargas deste.

c) Relación de moradores e titulares de dereitos, susceptibles de inscrición, sobre o inmueble, se existisen.

d) Informe expedido por facultativo competente no que se xustifique a causa de instar a declaración de ruína, o estado físico do inmueble e se acredite, así mesmo, se no momento da petición o edificio reúne, ó seu xuízo, condicións de seguridade e habitabilidade suficientes que lles permitan ós seus ocupantes a permanencia nel ata que se adopte o acordo que proceda.

e) Memoria con descrición e sinalización das medidas de seguridade (sendo válidas as incorporadas no Estudio Básico do Proxecto) que, en razón dos danos

descritos, se adoptaran no edificio ou, de se-lo caso, os motivos da súa non adopción.

f) Copia do documento da autoliquidación da taxa pola tramitación do expediente que, de se-lo caso, estableza a ordenanza fiscal reguladora.

g) Fotografías a cor, dunha antigüidade non superior a 15 días, das fachadas, do teito, así como das partes do inmueble afectadas polas deterioracións que motiven a solicitude de declaración de ruína.

3.- Cando se inicie a instancia de interesado non propietario xuntarase como documentación a sinalada na alínea anterior, excepto a relativa á acreditación da titularidade.

4.- O Alcalde Presidente, ou por delegación deste o concelleiro competente na materia, poderá dispoñer a iniciación de oficio do expediente contradictorio de ruína nos supostos sinalados no número 2 do artigo 11 desta ordenanza cando, logo do informe técnico, se aprecie que o edificio puidese atoparse nun dos supostos de ruína. En tal caso, abrírase un período de información previa no que se lle requirirá ó propietario que achegue a relación de moradores, e poderánselle, igualmente, ordenar á persoa propietaria as medidas de seguridade precisas.

Artigo 64.- Informes.

